



Grupo Municipal FeC

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN POLA SAÚDE DA LINGUA GALEGA EN FERROL

O Grupo Municipal de Ferrol en Común, ao amparo do disposto nos artigos 104 do Regulamento orgánico do Concello de Ferrol e nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento do organización, funcionamento e réximo xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción dirixida ao pleno relativa á defender a saúde da Lingua Galega en Ferrol

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lingua constitúe unha das principais manifestacións da identidade cultural dun pobo. O galego, pois, como lingua propia de Galicia, é patrimonio inmaterial fundamental da nosa nación. Ao longo da súa historia, coñeceu períodos de esplendor e outros de perigoso enfraquecemento, coma o que está a vivir no momento presente.

De certo, a partir de 1978, encetouse un camiño cara á normalización da lingua galega, partindo de tres eixos: do seu recoñecemento como lingua propia de Galicia, do dereito da cidadanía a empregala con liberdade e do labor dos poderes públicos na súa promoción e protección.

Neste sentido, o **Estatuto de Autonomía de Galicia**, a **Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística** e a **Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias**, ratificada polo Estado español en 2001, establecen que o Goberno galego e as corporacións locais garantirán e fomentarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

No ámbito municipal -ademais de referirnos á **Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia** que dispón que «o galego, como lingua propia de Galicia, é tamén da súa Administración local»- cómpre ter moi presente a Ordenanza municipal de normalización lingüística, aprobada polo Pleno do Concello de Ferrol e publicada no Boletín oficial da Provincia

num 158 de 11 de xullo de 1997. Esta Ordenanza, establece no seu artigo 1.1 o galego como idioma Oficial do Concello de Ferrol.

Porén, malia toda a lexislación existente, as vulneracións reiteradas da normativa e a ausencia de investimento en políticas eficaces que favorezan o uso do galego semellan estar detrás dunha situación na que preto do 75% da rapazada galega entre 5 e 14 anos fala só castelán ou máis castelán. Aínda máis, as políticas promovidas polo Partido Popular da Xunta de Galicia están lonxe de contribuír ao uso do galego; ao contrario, inciden na folclorización da lingua, na supervivencia dos prexuízos cara ao seu uso e, en definitiva, no desprezo á súa protección. No que se refire aos recursos, as políticas da Xunta para o fomento da lingua apenas superan xa os 13 millóns de euros, cando en 2008 chegaron a destinarse 23 millóns de euros. No que se refire ás medidas tomadas, a mesma Real Academia Galega sinala o polémico Decreto do plurilingüismo no ensino 79/2010 como un dos causantes do retroceso do idioma galego no ámbito educativo e na diminución do seu uso entre a xente moza, pois prohíbe impartir certas materias en galego, furtándolle á mocidade a posibilidade de adquirir coñecementos en galego e incumprindo co mandato de garantir que o alumnado teña o mesmo nivel de competencias nas dúas linguas oficiais.

No caso concreto de Ferrol, segundo os últimos datos do Instituto Galego de Estatística sobre a lingua de uso habitual ¹ descende cada vez máis a cidadanía que emprega só galego ou máis galego que castelán (a suma de ambas era de o 18,51% da poboación en 2008 fronte a un 17,67 % en 2018). Polo tanto, a evolución dos últimos dez anos apunta cara a conclusións demoledoras. Todos os estudos sinalan o que calquera veciña pode percibir na rúa: o uso do galego será residual ou anecdótico para as vindeiras xeracións.

O Servizo de Normalización Lingüística (SNL) do Concello de Ferrol, desenvolvendo unha moi positiva labor na promoción da lingua, precisa dun orzamento que lle permita constituírse na ferramenta que a administración local precisa para contribuír a reverter a catastrófica situación da lingua galega no concello. Falan, pois, os datos e constitúen un argumento sólido para que, dende o Concello de Ferrol, esixamos á Xunta de Galicia o exercicio responsable das dúas competencias, que se ten que reflectir na restitución do orzamento recortado durante os últimos dez anos e no desenvolvemento de medidas planificadas para a promoción efectiva da lingua galega.

¹ Informe sobre o coñecemento e o uso das linguas oficiais en Galicia:
https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206004&num_pag=12

Ao mesmo tempo, para acadar o obxectivo de mellorar a vitalidade da lingua galega no Concello de Ferrol, cómpre tamén un maior compromiso por parte do Concello, pois non existe nestes momentos unha aposta política nin unha dotación económica suficiente para a promoción efectiva da lingua.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Ferrol en Común somete a votación esta MOCIÓN para ser aprobada polo pleno, na que solicitan a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a restituír o orzamento recortado durante os últimos 13 anos, incrementando decididamente as partidas dirixidas á defensa e promoción da lingua galega.
2. Instar á Xunta de Galicia a derogar o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e ao cumprimento do disposto no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.
3. Instar á Xunta de Galicia a que todos os membros do Goberno galego respecten a lexislación vixente e empreguen a lingua galega nas súas manifestacións públicas, comezando polo seu Presidente.
4. Instar ao Pleno do Concello de Ferrol a aumentar sensiblemente o orzamento do Servizo de Normalización Lingüística para mellorar o programa de medidas dirixidas a superar a extremadamente delicada situación da lingua galega na cidade.
5. Instar ao Goberno local a cumprir a Ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Ferrol que, no seu Artigo XIV , establece que os cargos do Concello expresaranse normalmente en galego nos actos público celebrados en Galicia sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.
6. Instar á Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Ferrol a convocar -por vía telemática, se é preciso para garantir a seguridade sanitaria- o Consello Sectorial da Lingua Galega de Ferrol, após a súa constitución no mes do outubro do pasado ano, e de cumprimento ao artigo 7 do seu regulamento.

En Ferrol a 26 de abril de 2021

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común